



## COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR




## X. COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR

Neste apartado ofrécese unha comparativa entre o orzamento do ano 2022 e 2021 segundo as principais variables utilizadas nos apartados anteriores. A continuación expóñense os principais resultados no que se refire á dereitos da infancia e adolescencia, por categorías de gasto e por tipoloxía de proxectos.

O orzamento de ano 2022 no que se refire ao gasto en infancia e adolescencia diminuíu un 1,8% con respecto a 2021, mentres que o incremento do orzamento total foi do 0,6%. Varios son os motivos deste descenso: a caída da porcentaxe do colectivo de persoas menores de 18 anos (pasou do 14,2 ao 14,1) explica un terzo deste descenso, o descenso en 2022 da partida para gastos extraordinarios con respecto a 2021 explicaría outro 40% do descenso. En termos absolutos a redución do gasto en infancia e adolescencia de aproximadamente de 60 millóns de euros.

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia (desenvolvemento pleno, supervivencia, protección, información e outros bens públicos) as porcentaxes destinadas a cada dereito rexistran uns valores similares nos dous anos, en 2022 o gasto en desenvolvemento pleno descende a súa participación no total 4,0 puntos. (Gráfico 21).


Gráfico 21. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia. Orzamentos 2021 e 2022



Fonte: Consellería de Facenda

Unha maior desagregación dos dereitos mostra porcentaxe similares nos dous anos, o gasto en educación o máis elevado rolando o 66%, seguido do gasto en saúde cun 21% aproximadamente. O Gráfico 22 resume estes resultados.


Gráfico 22. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia. Orzamentos 2021 e 2022



Fonte: Consellería de Facenda

Utilizando como variable de clasificación as categorías de gasto: presenza de nenos, presenza de adultos, presenza de adultos e nenos, bens públicos e colectivos particulares (Gráfico 23), as diferenzas entre 2021 e 2022 son reducidas, a maior parte do gasto corresponde a proxectos onde se require a presenza legal ou natural de nenos e nenas.


Gráfico 23. Porcentaxe de gasto segundo as categorías de gasto. Orzamentos 2020 e 2022



Fonte: Consellería de Facenda

Por último, clasificando os proxectos segundo a porcentaxe do gasto que se destina a infancia tamén se observa unhas porcentaxes de gasto en infancia e adolescencia similares nos orzamentos de 2021 e 2022. Preto do 43% do gasto estáselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia está destinado exclusivamente a este colectivo (porcentaxe do 100%), o 29% corresponde a proxectos no que a porcentaxe é do 14,1% (porcentaxe que esta poboación supón sobre o total), o 27% do gasto procede de proxectos onde se imputa unha porcentaxe de entre o 14,1% e o 100%.

Gráfico 24. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos. Orzamentos 2021 e 2022



Fonte: Consellería de Facenda

